

# O Grande Hotel Babylon



Irmás Cartoné, 2022

Título orixinal: *The Grand Babylon Hotel*

Tradución: Carlos Valdés García e Celia Recarey Rendo

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-121470-7-0

Dep. Legal: C 1354-2022



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, o tradutor e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

ARNOLD BENNETT

# O Grande Hotel Babylon

*Tradución de Carlos Valdés e Celia Recarey*





## CAPÍTULO I

### O MILLONARIO E O CAMAREIRO

—Si, señor?

Jules, o celebrado xefe de camareiros do Grande Hotel Babylon, estaba cerimoniosamente inclinado cara ao home de mediana idade e expresión alerta que acababa de entrar no salón de fumadores e se deixara caer nunha cadeira de vime nun recanto do xardín de inverno. Eran as 7:45 dunha noite de xuño particularmente abafante e no Grande Hotel Babylon estaban a piques de servir a cea. Homes de todos os tamaños, idades e nacionalidades, mais todos igualmente engalanados con impecables traxes de noite, zarrapicaban a ampla estancia en penumbra. Un leve recendo a flores, e mais o repenicar dunha fonte, chegaban do xardín de inverno. Os camareiros, comandados por Jules, desprazábanse con suavidade sobre as grosas alfombras orientais, balanzando as bandexas con destreza de malabaristas, recibindo e executando ordes con ese aire de profunda importancia do que só os auténticos camareiros de primeira coñecen o segredo. O ambiente era de serenidade e repouso, característico do Grande Hotel Babylon. Parecía imposible que puidese ocorrer algo que estragase a pacífica e aristocrática monotonía da existencia naquel establecemento tan perfectamente xestionado. Porén, aquela

noite tería lugar o máis grande trastorno que o Grande Hotel Babylon coñecera nunca.

—Si, señor? —repetiu Jules, e desta vez había na súa voz un chisco de augusta desaprobación: non era habitual para el ter que se dirixir a un cliente dúas veces.

—Oh! —dixo o alerta cabaleiro de mediana idade erguendo por fin os ollos. Alegremente ignorante da identidade do gran Jules, permitiu que os seus ollos grises pestanexasen ao ver a expresión do camareiro—. Tráíame un bico de anxo.

—Desculpe?

—Tráíame un bico de anxo, e faga o favor de non perder o tempo.

—Se se trata dun combinado americano, temo que non o temos na carta, señor. —A voz de Jules soou con xélida nitidez, e varios homes viráronse a mirar, incómodos, como amosando a súa desaprobación ante a menor alteración da súa calma. Non obstante, a aparencia da persoa con quen Jules falaba tranquilizounos un tanto, pois tiña toda a traza dese inglés experto, viaxado, que sabe diferenciar un hotel doutro por instinto e reconece de inmediato onde pode montar un escándalo como é debido e onde é aconsellable comportarse exactamente como no club de cabaleiros. O Grande Hotel Babylon era un establecemento en cuxo salón de fumadores se comportaba un como se estivese no seu club.

—Xa imaxinaba que non o terían na carta, pero supño que o poderán preparar, mesmo neste hotel.

—Este non é un hotel americano, señor. —A calculada insolencia destas palabras ficou artemidamente enmascarada por un ton de humilde submisión.

## *O Grande Hotel Babylon*

O alerta cabaleiro de mediana idade endereitouse no asento e dirixiulle unha plácida ollada a Jules, que estaba a fregar as súas célebres patillas rubias.

—Colla unha copa de licor —dixo cun ton entre a brusquidade e unha afable tolerancia— e bote marasquino, crema e crema de menta a partes iguais. Non o remexa nin o axite. Tráiamo. E diga na barra...

—Na barra, señor?

—Diga na barra que tomen nota da receita, pois probablemente me apeteza un bico de anxo todos os seráns antes da cea mentres vaia este tempo.

—Agora mesmo lle envío a bebida, señor —dixo Jules, distante. Esa foi a súa pulla de despedida, coa que lle indicaba que el non era como outros camareiros, e que toda persoa que o tratase sen o debido respecto debía aterse ás consecuencias.

Uns minutos despois, mentres o alerta cabaleiro de mediana idade saboreaba o seu bico de anxo, Jules sentaba en conclave coa señorita Spencer, que estaba a cargo da recepción do Grande Hotel Babylon. A tal recepción era unha sala ampla, con dúas portas corredías que daban ao vestíbulo e ao salón de fumadores. Só unha pequena parte dos labores de administración do grande hotel se realizaban alí. O lugar servía maiormente de gorida da señorita Spencer, que era ben coñecida e tan importante como o propio Jules. A meirande parte dos hoteis modernos teñen un home a cargo da recepción, pero o Grande Hotel Babylon ía por libre. A señorita Spencer era recepcionista case desde que o Grande Hotel Babylon alzara as súas enormes chemineas cara ao ceo, e permanecera no seu posto malia os antollos doutros hoteis. Sempre vestida

cunha elegancia admirable, de seda negra e lisa, cun pequeno broche de diamantes, unhas pulseiras inmaculadas e o cabelo louro e crecho, tiña agora o mesmo aspecto que había un número calquera de anos atrás. A súa idade ninguén a sabía, agás ela e quizais outra persoa, e a ninguén lle importaba. As refinadas e sedutoras curvas da súa figura eran irreprochables e, aos seráns, era un práctico ornamento do que calquera hotel podería estar inocentemente orgulloso. O seu coñecemento da guía Bradshaw\*, dos horarios dos vapores e dos programas de teatros e revistas non tiña parangón; porén, ela nunca via-xaba, xamais ía a un teatro nin a unha revista. Parecía pasar toda a súa vida naquela súa gorida, dándolles información aos hóspedes, telefonando aos diversos departamentos ou inmersa en conversas íntimas coas amizades especiais que tiña entre os empregados, como neste momento.

—Quen é o do 107? —preguntoulle Jules á dama de negro.

A señorita Spencer examinou o rexistro.

—O señor Theodore Racksole, de Nova York.

—Xa me parecía que tiña que ser un neoiorquino —dixo Jules tras unha breve e significativa pausa—, pero fala o inglés tan ben coma ti ou coma min. Di que quere un «bico de anxo», marasquino con crema, por favor, todas as noites. Hei de mirar por que non pare moito tempo aquí.

A señorita Spencer respondeu cun sorriso adusto. A idea de se referir a Theodore Racksole como «un neoiorquino» apelaba ao seu sentido do humor, do que non carecía por

---

\* Guía de horarios de ferrocarril e de viaxe que comezou a publicarse en 1839 e se seguiu editando até 1961. Foi a primeira compilación de horarios de ferrocarril do mundo.



## O Grande Hotel Babylon

completo. Por suposto, ela sabía, e sabía que Jules tamén, que aquel Theodore Racksole tiña que ser o famoso, o único Theodore Racksole, o terceiro home máis rico dos Estados Unidos e, polo tanto, probablemente do mundo enteiro. Así e todo, púxose inmediatamente de parte de Jules.

Pois, do mesmo xeito que só había un Racksole, había un só Jules, e a señorita Spencer compartía instintivamente a indignación deste último ante o espectáculo de que alguén, fose quen fose, millonario ou emperador, tivese a ousadía de requirir un «bico de anxo», aquela indigna beberaxe de marasquino e crema, dentro das dependencias do Grande Hotel Babylon. No mundo dos hoteis dicíase que, despois do propietario, había tres deidades no Grande Hotel Babylon: Jules, o xefe de camareiros, a señorita Spencer e, a máis poderosa de todas, Rocco, o célebre *chef* que gañaba dúas mil libras ao ano e tiña un chalé no lago de Lucerna. Todos os grandes hoteis de Northumberland Avenue e do Embankment tentaran contratar a Rocco e roubarllo ao Grande Hotel Babylon, mais non tiveran éxito. Rocco era ben consciente de que nin sequera el podía pasar por riba do *maitre d'hôtel* do Grande Hotel Babylon, que aínda que xamais se anunciaba nin pertencía a unha sociedade limitada, ocupaba un cómodo primeiro lugar entre os hoteis de Europa: primeiro no caro dos seus prezos, primeiro na súa exclusividade, primeiro naquela misteriosa cualidade coñecida como «estilo».

Situado no Embankment, o Grande Hotel Babylon, a pesar das súas nobres proporcións, víase pequeno de par dos seus colosais veciños. Non tiña máis que trescentos cincuenta cuartos, mentres que hai dous hoteis a menos dun cuarto de milla con seiscentos e catrocentos cuartos respectivamente. Por outra parte, o Grande Hotel Babylon era o único de

Londres que contaba cunha porta á parte para a entrada de visitas reais que se utilizaba constantemente. O Grande Hotel Babylon consideraba perdidos os días en que non recibía, como mínimo, un príncipe alemán ou o maraxá dalgún estado indio. Cando Felix Babylon —de quen, e non en alusión ao sobrenome da cidade de Londres, recibira o seu nome o hotel— fundara o hotel en 1869, propuxérase atender a realidade, e ese era o segredo da súa triunfal sona.

Fillo dun rico hostaleiro e financeiro suízo, apañárase para facer contactos cos funcionarios de varias cortes europeas e non escatimara diñeiro no proceso. Diversos reis e non poucas princesas chamábanlle Felix e falaban con familiaridade do hotel como «cas Felix», e Felix descubrira que isto era moi bo para o negocio. O Grande Hotel Babylon xestionábase en consonancia. A nota xeral da súa política era a discreción, sempre a discreción, así como a quietude, a sinxeleza, a distancia. O lugar era como un palacio de incógnito. Non tiña un letreiro dourado no tellado, nin sequera unha palabra de explicación na entrada. En baixando por unha ruela lateral que saía do Strand, víase un simple edificio castaño, con dúas portas batentes de caoba e cadanseu conserxe tras delas; as portas abríanse sen ruído ningún; entrábase e atopábase un en cas Felix. Se un tiña intención de se hospedar alí, el, ou o seu emisario, entregáballe a súa tarxeta á señorita Spencer. Baixo ningún concepto se preguntaba polas tarifas. Non era de bo gusto mencionar os prezos no Grande Hotel Babylon; os prezos eran enormes, pero xamais se mencionaban. Ao concluír a estada, presentábanlle a un a conta, breve e carente de áridos detalles, e pagábase sen dicir palabra. Recibíase con maxestosa urbanidade, e máis nada. Ninguén lle pedira a un que viñese, e ninguén expresaba a esperanza de

## *O Grande Hotel Babylon*

que volvese. O Grande Hotel Babylon estaba moi por riba de semellantes manobras; desafiaba a competencia ignorándoa e, en consecuencia, sempre estaba practicamente cheo durante a temporada alta.

Se había unha cousa que amolase máis que ningunha outra no Grande Hotel Babylon —que alporizaba, por así dicilo— era que o comparasen, ou o confundisen, cun hotel americano. O Grande Hotel Babylon opoñíase rotundamente ás maneiras americanas de comer, beber e hospedarse, pero en especial ás de beber. Poderase, polo tanto, entender o resentimento de Jules cando se lle pediu que lle servise un bico de anxo ao señor Theodore Racksole.

—Acompaña alguén o señor Theodore Racksole? —preguntou Jules, continuando a súa conversa coa señorita Spencer. Puxo un despectivo acento en cada unha das sílabas do nome do hóspede.

—A señorita Racksole... no 111.

Jules fixo unha pausa e acariñou a patilla esquerda, que re-pousaba no relucente colo branco da camisa.

—E onde está? —inquiriu con peculiar énfase.

—No 111. Non o puiden evitar. Non había outro cuarto con baño e alcoba nese andar. —Na voz da señorita Spencer había un atractivo ton de desculpa.

—Por que non lle dixeches ao señor Theodore Racksole e á señorita Racksole que non os podíamos hospedar?

—Porque estaba Babs diante.

Só tres persoas en todo o mundo podían soñar sequera con empregar o humorístico pero malicioso apelativo Babs

para se referir ao señor Felix Babylon; e esas tres persoas eran Jules, a señorita Spencer e mais Rocco. Puxérallo Jules. Só el tiña o enxeño e a audacia necesarios para facer tal.

—Será mellor que mires por cambiar a señorita Racksole de cuarto esta noite —dixo Jules tras outra pausa—. Déixame a min, xa o arranxo eu. *Au revoir!* Son as oito menos tres minutos. Hoxe encárgome eu da cea.

E Jules partiu, fregando as mans finas e brancas amodo, caviloso. Era unha particularidade súa, aquela de fregar as mans cun movemento estraño, ampuloso, e o aceno denotaba que había algunha emoción inusual no aire.

Ás oito en punto servíase a cea na inmensa *salle à manger*, unha espléndida estancia branca e dourada. Nunha mesa pequena, situada onda unha das fiestras, sentaba soa unha dama nova. O vestido dicía París, pero a cara dicía Nova York sen lugar a erro. Era un rostro composto, engaiolante, o rostro dunha muller ben afeitada a facer exactamente o que lle petaba, cando lle petaba, como lle petaba; o rostro dunha muller que lles aprendera a centos de mozos adiñeirados a verdadeira arte de traer e levar e que, tras uns vinte anos de consentimento paterno, chegara a considerarse a equivalente feminina do Tsar de Todas as Rusias. Ese tipo de mulleres só se facían en América, e só acadaban o seu máximo esplendor en Europa, que no seu maxín é un continente creado para a súa diversión pola Providencia.

A dama da fiestra contemplou o menú con desaprobación. Despois botoulle unha ollada ao comedor e, se ben admirou os comensais, decidiu que a sala en si era máis ben pequena e insulsa. Despois mirou pola fiestra aberta e díxose que aínda que no luscofusco o Támese tiña un pasar, de ningún xeito

## O Grande Hotel Babylon

podía compararse co Hudson, en cuxa ribeira tiña seu pai unha casa de campo de cen mil dólares. Despois retomou o menú e, engurrando os seus preciosos labios, dixo que parecía que non había que comer.

—Desculpa que te fixese agardar, Nella. —Era o señor Racksole, o intrépido millonario que ousara pedir un bico de anxo no salón de fumadores do Grande Hotel Babylon. Nella (o seu nome real era Helen) sorriulle con cautela a seu pai, reservándose o dereito ao desdén se así lle apetecía.

—Sempre chegas tarde, pai —dixo.

—Só cando estou de vacacións —repuxo el—. Que hai para comer?

—Nada.

—Pidámolo, entón. Teño fame. Nunca teño tanta fame como cando estou folgado de todo.

—Consumé Britannia —comezou a ler ela na carta—, *saumon d'Écosse, sauce génoise, aspics de homard*. Santo ceo! Quen quere estes remexidos infames nunha noite coma esta?

—Pero Nella, é a mellor cociña de Europa —protestou el.

—Dime, meu pai —dixo ela, con aparente desinterese—, acaso esqueciches que mañá é o meu aniversario?

—Algunha vez esquecín o teu aniversario, miña custosísima filla?

—En conxunto, sempre fuches un pai do máis satisfactorio —dixo ela con dozura— e para te recompensar, este ano conformareime co agasallo de aniversario máis barato que me deches nunca. Só que o quero esta noite.

—Vaia —dixo o pai, coa resignada paciencia e a preparación para calquera sorpresa propia dun pai a quen Nella tiña perfectamente adestrado—, e de que se trata?

—Disto. Pidamos uns bistés e unha botella de Bass para cear. Será simplemente exquisito. Quedarei encantada.

—Pero benquerida Nella —exclamou el—, como imos pedir bistés e cervexa en cas Felix! É imposible! Ademais, ás mozas menores de vinte e tres anos non lles está permitido beber Bass.

—Dixen bistés e Bass e, canto aos vinte e tres anos, mañá fago vinte e catro.

A señorita Racksole ensinou os brancos dentiños.

Oíuse unha suave tose. Jules estaba de pé onda a mesa. Debera ser o seu espírito aventureiro o que o levara a escoller aquela mesa para servila el en persoa. Normalmente, Jules non servía durante a cea. Limitábase a observar, como un capitán na ponte de mando durante a garda do primeiro oficial. Os clientes que visitaban o hotel con regularidade sentíanse honrados cando Jules atendía a súa mesa.

Theodore Racksole dubidou un segundo e despois pediu cun elegante aire de despreocupación:

—Bisté para dous e unha botella de Bass. —Era o acto máis valente de toda a vida de Theodore Racksole e, porén, en máis dunha crise anterior non lle faltara unha alta dose de coraxe.

—Non o temos no menú, señor —dixo Jules, o imperturbable.

—Tanto ten. Tráíao. É o que queremos.

## O Grande Hotel Babylon

—Moi ben, señor.

Jules dirixiuse á porta de servizo e, tras finxir asomarse, regresou de inmediato.

—O señor Rocco preséntalle os seus respectos, señor, e lamenta non poder servirllas bistés e Bass esta noite, señor.

—O señor Rocco? —inquiriu Racksole con lixeireza.

—O señor Rocco —repetiu Jules, firme.

—E quen é o señor Rocco?

—O señor Rocco é o noso *chef*, cabaleiro. —Jules adoptou a expresión de alguén a quen se lle pide que explique quen é Shakespeare.

Os dous homes fitáronse. Parecía increíble que Theodore Racksole, o inefable Racksole, propietario de mil millas de ferrocarril, varias cidades e sesenta votos no Congreso, fose desafiado por un camareiro, ou mesmo por todo un hotel. E, con todo, así era. Cando as decadentes costas de Europa están contra a parede, nin un rexemento de millónarios pode atacala polo flanco. Jules tiña a serena expresión dun home forte, seguro da vitoria. A súa cara dicía: «Vencíchesme unha vez, pero non nesta ocasión, meu amigo neoiorkino!».

Canto a Nella, coñecendo a seu pai, prevía que se aveciñaban acontecementos interesantes, e agardaba, convencida, o seu bisté. Non tiña fame, e podía permitirse a espera.


—Descúlpame un intre, Nella —dixo Theodore Racksole tranquilamente—, volvo nuns segundos. —E saíu da *salle à manger* ás alancadas. Ninguén dos presentes recoñeceu o millónario, que non era coñecido en Londres, pois esta era a súa primeira visita a Europa en máis de vinte anos. Se algún deles

Arnold Bennett

o coñecese e captase a expresión do seu rostro, talvez temese unha explosión capaz de arrebolrar o Grande Hotel Babylon enteiro ao TÁmese.

Jules retirouse estratexicamente a un recanto. El xa disparara, agora tocáballe ao seu opoñente. Unha longa e variada experiencia ensináralle que un hóspede que se empeña en subxugar un camareiro case sempre está perdido: o camareiro conta con moitas vantaxes nese enfrontamento.





ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O  
2 DE SETEMBRO DE 2022, TRAS SER  
PUBLICADO POR ENTREGAS COA  
NEWSLETTER **CARTONÉ** ENTRE  
O VERÁN DE 2021 E O DE 2022





